

Edificio Xerencia
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 812 000
Fax: 986 812 060

xerencia.uvigo.es
xerencia@uvigo.es

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201700018142
16/11/2017 10:48:00

INSTRUCCIÓN SOBRE O PROCEDIMENTO DE ARQUIVO DE XUSTIFICANTES E TICKES RELATIVOS Á AUTORIZACIÓN E TRAMITACIÓN DOS GASTOS OCASIONADOS POLAS COMISIÓNS DE SERVIZO

I.-ANTECEDENTES

A Universidade de Vigo aprobou no Consello de Goberno do 16 de decembro de 2016 un Regulamento para a liquidación e tramitación de indemnizacións por razón de servizo ao abeiro do R.D. 462/2002.

II.-CAMBIO NO PROCEDIMENTO DE ARQUIVO DE XUSTIFICANTES E TICKETS RELACIONAS Á AUTORIZACIÓN E TRAMITACIÓN DOS GASTOS OCASIONADOS POLAS COMISIÓNS DE SERVIZO

Na Instrución sobre o procedemento de autorización e tramitación dos gastos ocasionados polas comisións de servizo publicada o 20 de decembro de 2016, no artigo 4 establecíase:

“Coa posta en marcha do aplicativo informático, toda a documentación esixida na normativa para a Liquidación e Tramitación de indemnizacións por razón de servizo da Universidade de Vigo será axuntada en formato electrónico. No caso de non existir documento electrónico orixinal xuntarase unha copia escaneada da documentación orixinal que se manterá custodiada na unidade de Asuntos Económicos do centro correspondente.”

O Consello Social da Universidade de Vigo encargou unha auditoría operativa sobre as ferramentas informáticas creadas pola Universidade de Vigo en entorno web. Esta auditoría ven de confirmar que os procedementos e ferramentas informáticas garanten a trazabilidade e inalteración da documentación soporte achegada na tramitación dos gastos relativos á comisión de Servizo.

Por este motivo, e dado que se garanten os requisitos mínimos de xustificación de documentación, esta Xerencia resolve que a partir do 1 de xaneiro de 2018 non será preciso custodiar en formato papel ningún ticket ou xustificante que

esteas asociados á tramitación dos gastos por autorización e tramitación de comisións de servizo sempre que estes xustificantes estean correctamente subidos ás plataformas informáticas.

Vigo, 3 de Novembro de 2017



O XERENTE

Manuel Fernández Jauregui

SR. XEFE DE SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN
SRA. XEFA DE SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E
TESOURERÍA
SRA. XEFA DE SECCIÓN DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO
SRES./AS ADMINISTRADORES/AS DOS ÁMBITOS DA UNIVERSIDADE
DE VIGO
SRES./AS VICERREITORES/AS
SRES./AS DIRECTORES/AS DE CENTROS
SRES./AS DIRECTORES/AS DE DEPARTAMENTOS
SRES./AS. INVESTIGADORES/AS PRINCIPAIS DOS GRUPOS DE
INVESTIGACIÓN